

EN BICI POR TERRA DE CALDELAS

Ramsés Pérez



Ramsés Pérez

A configuración xeográfica da Terra de Caldelas dá lugar a áreas cunha forte contraste, como o demostran os máis de mil metros de desnivel entre o río Sil e os altos de San Mamede. Porén, a comarca ofrécenos espazos para gozar de lugares nun medio de transporte ecolóxico e saudábel como a bicicleta. Propoñémosvos un paseo pola terra da bica, o licor café e a vaca caldelá, sempre vixiados dende os altos da serra polo lobo e a aguiá real.

TERRA DE CALDELAS

A comarca Terra de Caldelas sitúase ao norte da provincia de Ourense, e constitúena os concellos de Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil e A Teixeira. Os seus 800-900 metros de altitude media móstrannos unha comarca de montaña, cunha paisaxe de grande forza e contraste. A diversidade de espazos ofrécenos moitas posibilidades; paseos polo canón do Sil ou polos non menos impresionantes canóns do seu afluente o Mao; ascensións aos altos do Macizo Central (a Serra, como se lle chama na zona); Serra do Burgo, Serra de San Mamede, Serra da Queixa, Altos do Samión, etc; ou a visita a moitos dos seus pobos abandonados, Queixeliña, Teixedo, Edreira e tantos outros. Estes espazos, a meirande parte deles Lugares de Interese Comunitario (LIC) deixarémolos para outra ocasión e desta volta percorrermos a chaira situada precisamente entre a ribeira e a serra, que se ben carece de protección ambiental algunha, non por iso é menos interesante.

A comarca atópase nunha zona de transición entre dúas rexións bioxeográficas, a mediterránea e a atlántica. Nun espazo pertencente na súa meirande parte ao concello de Montederramo, o clima é "oceánico, -de montaña-, no cal as precipitacións sitúanse entre os 1.500 e os 2.000 mm" (Sotelo Blanco, 1992). As temperaturas sofren grandes variacións entre o verán e o inverno, e van dos 3 °C en febreiro aos 16,3 °C en xullo.

Propomos un roteiro en bicicleta por esta parte da Terra de Caldelas e apuntamos tamén unha variante máis ampla que percorre boa parte da comarca. Eliximos un traxecto moi sinxelo, cun desnivel que non chega aos cen metros, cando o conxunto da comarca elévase desde os 300 metros da ribeira do río Sil ate os mil cincocentos ou mil setecentos metros dos cumios da serra.

A rota comeza no Concello de Montederramo e transcorre pola chaira, ao pé da Serra do Burgo. Montederramo está situado nunha revolta do río Mao, que atendendo a fitotoponimia do subs-

tantivo *ramo* probablemente fose un lugar frondoso no que se aproveitaba a derrama de árbores dos que tirar leña (Navaza, 2006). O concello conta cun interesante patrimonio do que nos gustaría destacar o Mosteiro de Santa María de Montederramo e o Bidueiral do mesmo nome. Do Bidueiral xa temos falado algunha vez en Cerna por un cercado cinxético tan incomprensíbel como ilegal, así que nos imos centrar no Mosteiro.

A Raiña Tareixa de Portugal foi quen fundou o Mosteiro de Santa María de Montederramo en agosto de 1124 segundo un documento atopado en Allariz moi nomeado xa que nel aparece por primeira vez a denominación "Rivoyra Sacrata" ao que este mosteiro tamén pertence. A Serra de San Mamede situada ao sur e na que se atopa o Bidueiral de Montederramo debe o seu nome a un monxe deste mosteiro que fixo vida eremítica no cumio do monte ate a súa morte no ano 1160 (Laredo Verdejo 1999).

A ROTA

A praza do Mosteiro é un bo punto de partida. Despois dunha visita obrigada ao Mosteiro, onde podemos apreciar a imponente fábrica renacentista ou o Claustro da hospedaxe, saímos pola estrada provincial que se dirixe a Chandrexa de Queixa, e antes de chegar ao Alto da Portela, aproximadamente a 2,7 km da saída, atoparemos un cartaz que pon A Fervenza e unha sinal de cruce onde debemos virar á esquerda. Unha vez na estrada local que vai a San Martiño, comezamos a baixar e ao chegar a Marrubio xiramos á dereita e continuamos o descenso pasando polas aldeas de Valderique, A Veiga e A Reguenga.

Ao chegar a Pesqueiras hai que prestar atención: a uns 50 metros da saída da aldea atoparemos un cartaz que nos indica a Capela das Neves, onde colleremos á esquerda. O espazo que rodea a capela é un lugar ideal para facer un descanso, xantar, etc, ben baixo o imponente carballo que temos diante da capela ou do castiñeiro coa mesiña de madeira que está á súa esquerda. Continuamos o itinerario dirección A Medorra pola estrada asfaltada pola que viñemos, que baixa da capela en dirección a As Lamelas. Unha vez chegamos a Santiago da Medorra, collemos a estrada da esquerda, deixamos o pobo e pasaremos polo río de Santiago, que nos leva a Arnude e Os Abeledos. Ao chegar de novo á estrada provincial, colleremos á esquerda e a dous km estaremos de novo en Montederramo.

A época ideal para facer este itinerario é a primavera e o outono; aínda que o verán e inverno poden ter momentos fermosos, son épocas nas que as temperaturas extremas, sobre todo no inverno pode facernos máis difícil o percorrido.

BIODIVERSIDADE


As árbores máis frecuentes para estas latitudes son os cerquiños, bidueiros e salgueiros, aínda que tamén é zona entre outras de canceiros e dalgún castiñeiro, máis típico da ribeira. Os cultivos, debido a dureza do clima, baséanse en verzas, cebolas, fabas, porros e patacas; cultivado en espazos hoxe abandonados "a monte", o centeo foi en tempos de moita importancia para a economía familiar.

Ramsés Pérez




No que atinxe á fauna da zona podemos gozar dunha variada diversidade. Desde os altos da serra pódennos estar vixiando o lobo ou a aguiá real, visitantes ocasionais que se achegan desde o Macizo Central. Os cumios son tamén lugares

nos que habita o merlo azul, o lagarteiro e a aguiá cobreira. Se iniciamos o percorrido á primeira hora da mañá, podemos sorprenden algún raposo voltando dos seus campeos, e non sería menos habitual toparmos algún xabarán, corzo ou lebre.



Ramsés Pérez



DATOS

Tipo de roteiro: circular

Distancia: 22,2 km

Desnivel máximo: 95 m


Duración: 3-4 horas

Época recomendada: primavera e outono

VARIANTE

Unha rota que percorre boa parte da comarca ideal para facer durante todo un día é a seguinte: Castro Caldelas-Vilariño Frio, por Santiago de Medorra, Vilariño Frio-Montederramo, por Vigueira, e Montederramo-Castro Caldelas, por San Martiño.

Podes ampliar información e consultar variantes do roteiro, acude á web de ADEGA: www.adega.info.





No que atinxe as aves, nas chairas podemos gozar das cacerías do falcón ou da tartaraña, e seguramente levantaremos algún pasallás ou algunha escribenta que picotea polas beiras dos camiños, e a final do verán poderemos observar os xilgaros alimentándose das sementes dos cardos. Non será difícil ver o picanzo vermello no verán, pousado nun espiño ou nun tendido eléctrico, e no inverno igualmente poderemos ver o seu parente, o picanzo real meridional. Abundantes como invernantes son tamén as bandadas de páridos, estreliñas, gabeadores e ferreiros, e non menos frecuentes son tamén as bandadas de estorniños negros e pintos. Estarán tamén as grallas pequenas, pombos, gaios, papuxas montesas e outras moitas aves que deixamos ao voso descubrimento e que de seguro vos sorprenderán.

En definitiva, Terra de Caldelas contén todo un mundo entre a ribeira e a serra para descubrir.

UNHA COMARCA QUE DÁ NOME Á VACA CALDELÁ

A comarca de Caldelas conta cunha vaca orixinaria deste territorio á que lle dá nome, que se estende dende o macizo central polos concellos limítrofes.

Como as outras razas de bovinas autóctonas galegas está acostumada ás condicións extremas. A caldelá ten un temperamento tranquilo o que a fai moi apta para os traballos do campo, na actualidade o seu interese céntrase na reimplantación nas serras do macizo central para o aproveitamento dos pastos de alta montaña (e como desbrozadora natural) e a produción dun becerros para carne de gran calidade.

A intensificación da gandería na procura de maiores rendementos levou a que se mudara esta especie por outras razas con maior produción cárnica ou que se mesturara esta con outras razas. Isto puxo en perigo a súa pureza racial e fixo que estivera a piques de extinguirse, o que a levou a formar parte das razas autóctonas en perigo de extinción.

As características físicas faina facilmente recoñecíbel: é unha vaca de cor negro, aínda que cando nace é de cor ouro, o peso medio das femias é de 500 kg e o dos machos de 700 kg; a alzada media na cruz é de 132 e 140 cm., respectivamente.

+ www.caldega.com



BIBLIOGRAFIA

- G. Navaza Blanco. (2006): Fitotoponimia galega. Ed. F. Pedro Barrié de La Maza, A Coruña.
- Sotelo Blanco, O. (1992): Antropoloxía Cultural da terra de Caldelas. Vol. 1 e Vol. 2. Ed. Sotelo Blanco. Santiago de Compostela.
- X.L. Laredo Verdejo. (1999): Galicia Enteira: Miño Ourensán e Ribeira Sacra. Ed. Xerais, Vigo.

ENDEREZOS DE INTERESE:

Fundación para o Desenvolvemento Comarcal da Comarca Terra de Caldelas
Avda. de Ourense, 1-Echan. 32760-Castro Caldelas. Tel. 988 204 603
ftcaldelas@cetadec.net

Para Xantar: Bar Troita, Vilariño Frío (comida caseira). Tel. 988 29 20 02

Para durmir: Hotel Cima da Vila, Castro Caldelas. Tel. 988 203174 / 610 824780, cimadavila@eresmas.com